

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 11 DE XANEIRO DE 2021.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.ª María Guadalupe Pombo Carril
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.ª Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D.ª Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.ª Yessica Méndez Sánchez

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.ª Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.ª Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e sete minutos do día once de xaneiro do ano dous mil vinte e un, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.ª María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.ª Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.ª Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.ª Yessica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.ª Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.ª Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA EN DATA 7 DE XANEIRO DE 2021.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o día 7 de xaneiro de 2021, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por sete votos a favor (dos/as Sres./as concelleiros/as Pombo Carril, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Liñares Gestal, Iglesias Becerra, Seijas González e Méndez Sánchez) e coa abstención do Sr. alcalde, Rioboo Castro, o cal manifesta que se abstén por non ter asistido á sesión á que se refire a acta.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión extraordinaria realizada o día 7 de xaneiro de 2021.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Orde do 18 de decembro de 2020, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións destinadas á creación de viveiros industriais de empresas en parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento IN541A). DOG núm. 4 do 08-01-2021.

- Orde do 18 de decembro de 2020, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento IN519B). DOG núm. 4 do 08-01-2021.
- Resolución do 14 de decembro de 2020, da Consellería de Emprego e Igualdade -Secretaría Xeral da Igualdade-, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento SI461A). DOG núm. 5 do 11-01-2021.
- Resolución do 23 de decembro de 2020, da Escola Galega de Administración Pública, pola que se publica o Plan de formación para o ano 2021. DOG núm. 5 do 11-01-2021.
- Resolución do 23 de decembro de 2020, do Instituto Galego da Vivenda e Solo, pola que se establecen as bases reguladoras aplicables á concesión das subvencións para rehabilitar edificacións e vivendas de titularidade municipal con destino ao alugamento social (código de procedemento VI422F). DOG núm. 5 do 11-01-2021.
- Anuncio do 5 de xaneiro de 2021, da Deputación Provincial da Coruña, relativo á modificación da Ordenanza xeral de subvencións e outras transferencias da Deputación da Coruña. BOP núm. 4 do 08-01-2021.
- Anuncio do 16 de decembro de 2020, do Concello de Culleredo, relativo á delegación da competencia, na concelleira D.^a Yessica Méndez Sánchez, para a celebración do matrimonio civil entre J.E.D. e D.D.O.R. o día 22-12-2020 ás 16.00 horas. BOP núm. 5 do 11-01-2021.

C.I.F. P-1503100-H

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da concellería delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte:

“

***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
1889	16/12/2020	Conceder ao servizo municipal de axuda a domicilio. Conceder o Servizo de Teleasistencia domiciliaria e dar traslado desta resolución á Deputación da Coruña	***7523**	Tres horas á semana (agás festivos)
1890	16/12/2020	Conceder Xantar na Casa e dar traslado desta resolución ó Consorcio	***3371**	Sete días da semana

C.I.F. P-1503100-H

		Galego de Igualdade e Benestar. Conceder o Servizo de Teleasistencia domiciliaria e dar traslado desta resolución á Deputación da Coruña. Conceder Xantar na Casa e dar traslado desta resolución ó Consorcio Galego de Igualdade e Benestar. Conceder o Servizo de Teleasistencia domiciliaria e dar traslado desta resolución á Deputación da Coruña	***8685**	Sete días da semana
1894	17/12/2020	Dar de baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrencia con data 30/11/2020 ao causar alta como dependente o día 01/12/2020.	***6089**	13 horas mensuais

****PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
1886	16/12/2020	Conceder axuda económica	****3189*	Pago de aluguer, correspondente aos meses de xullo a novembro (200€/mes) e parte de decembro (75€) de 2020.	1075€
1887	16/12/2020	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	****6449*	Pago do recibo de auga, por un importe de 89,45€, correspondente ao 3º trimestre de 2020.	

C.I.F. P-1503100-H

1892	17/12/2020	Concesión axuda económica.	***2082**	Pago dos recibos da luz, correspondentes ao ano 2020. Pago dos recibos de auga, correspondente a recibos aboados no 2020. Pago de recibos de da comunidade de veciños correspondentes a recibos do ano 2020.	
1895	17/12/2020	Concesión axuda económica.	***3061**	Pago de recibos de luz, correspondentes ao ano 2020. Conceder unha axuda económica para o pago de recibo de auga, correspondente aos trimestres aboados no 2020 Bono de alimentos tipo A e bono de hixiene tipo A, durante seis meses.	
1896	17/12/2020	Concesión axuda económica.	***8234**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de setembro e outubro (400€/mes) e parte de novembro (275€) de 2020.	1075€
1897	17/12/2020	Concesión axuda económica.	****0830*	Pago de aluguer, correspondente aos meses de outubro (144€) e novembro (300€). Pago de recibo de luz, correspondente as facturas de daa 15/4/2020, 12/02/2020 e 17/10/2020. Recibo de auga, correspondente o primeiro, segundo e terceiro trimestre de 2020,	444€ 358,67€ 272,96 €

C.I.F. P-1503100-H

				mediante pago ao proveedor.	
1898	17/12/2021	Concesión axuda económica.	***6045**	Pago de hipoteca, correspondente aos meses de xuño (58,04€) e de xullo a setembro de 2020 (230€/mes). Pago de recibo de auga, correspondente ao terceiro trimestre de 2020. Recibo de gas, correspondente o período do 31/03/2020 ao 30/09/2020. Pago de recibos de luz correspondentes a os período do 11/03/2020 ao 10/09/2020.	748,04€ 63,08€ 84,27€ 179,61€
1899	17/12/2020	Denegar unha axuda económica para o pago de aluguer xa que segundo os datos que figuran na súa historia social é a documentación aportada, incumple co artigo 4 do Regulamento de acceso as prestacións económicas de emerxencial.	****3392		
1900	17/12/2020	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	***7582**	Pago do recibo de comunidade, por un importe de 140€, correspondente ao 2º trimestre e 3º trimestre de 2020, que	
1901	17/12/2020	Conceder axuda económica.	***3458**	Pago de luz, correspondente a recibos de outubro do 2019 a outubro de 2020 por un importe de 224,70€ Pago de recibo de auga, corresponden ao 4º trimestre de 2019 e o 1º,	

C.I.F. P-1503100-H

				2º e 3º trimestre de 2020, por un importe de 228,20€. Pago do recibo de gas, corresponden a recibos de 2020. Pago do recibo de luz, corresponden ao recibo de novembro e decembro de 2020. Pago do recibo de auga, corresponden ao 4º trimestre de 2020 . Bono de alimentos tipo A, durante o 2020.	
1902	17/12/2020	Concesión axuda económica.	***0264**	Pago de aluguer, correspondente ao ano 2020, que lle será aboada mediante transferencia bancaria á persoa arrendadora da vivenda co Dni ***9469** na conta rematado en1061. Pago dos recibos de electricidade, correspondentes ao período do 03 de marzo de 2020 ao 07 de setembro de 2020, que lle será aboada mediante transferencia bancaria á persoa arrendadora da vivenda co Dni ***9469** na conta rematado en 1061. Abono dos recibos de luz do período de 03/03/2020 ao 07/09/2020 mediante talón bancario nominativo.	541,64€ 115,17€ 115,17€
Deixar sen efecto a resolución UBS14I02NT relativa á axuda económica			*TARXETA ESTACIONAMENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de decembre de 2014)		

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
1888	16/12/2020	Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade	****658**	10 ANOS

“

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

C.I.F. P-1503100-H

Visto e praxe
O alcalde
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)